



Concello de Betanzos
Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

ANUNCIO

ORGANIZACIÓN CONCELLO: 8.- RÉXIME DE DEDICACIÓNS DOS/AS CONCELEIROS/AS

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión extraordinaria realizada o 22 de xuño de 2023, adoptou o acordo que na súa parte dispositiva di:

“PRIMEIRO.- Establecer que os seguintes tres cargos sexan desempeñados con dedicación exclusiva coas seguintes retribucións:

-Alcaldía, dedicación exclusiva de 3.851,20 € mensuais brutos, máis dúas pagas extraordinarias anuais do mesmo importe que unha mensualidade.

-Concelleiro delegado de **Economía e Facenda, Contratación e Proxectos Europeos; Seguridade e Mobilidade; Urbanismo, Patrimonio e Casco Histórico**, dedicación exclusiva de 3.026,12 € mensuais brutos, máis dúas pagas extraordinarias anuais do mesmo importe que unha mensualidade.

-Concelleiro delegado de **Persoal; Educación; Medio Ambiente, Parques e Xardíns e Obras Públicas e Servizos**, dedicación exclusiva de 3.026,12 € mensuais brutos, máis dúas pagas extraordinarias anuais do mesmo importe que unha mensualidade.

As anteriores retribucións actualizaranse anualmente segundo o incremento anual fixado para os traballadores pola Lei de Presupostos do Estado.

SEGUNDO.- Establecer que o seguinte cargo sexa desempeñado con dedicación parcial (50% da xornada, cunha dedicación mínima de 18.75 h/semanais) coas seguintes retribucións: 1.513,06 € mensuais brutos, máis dúas pagas extraordinarias anuais do mesmo importe que unha mensualidade:

-Concelleiro delegado de **Mocidade e Innovación; Formación e Emprego; Deportes e Participación Cidadá.**

As anteriores retribucións actualizaranse anualmente segundo o incremento anual fixado para os traballadores pola Lei de Presupostos do Estado.

TERCEIRO.- Dar de alta no réxime xeral da Seguridade Social aos concelleiros/as delegados/as unha vez que acepten e asuman os cargos aos que se lle recoñece o réxime de dedicación exclusiva e parcial, asumindo o Concello de Betanzos o pago das cotas empresariais que correspondan.

CUARTO.- Publicar o correspondente anuncio no Taboleiro de Anuncio, na sede electrónica municipal e portal de transparencia, e no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.”

O que se publica aos efectos oportunos



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

Betanzos, 28 de xuño de 2023

A alcaldesa

María Barral Varela